



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

DECRETO DE ALCALDÍA

Visto o expediente de licitación da obra de PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE GRADÍN, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de agosto de 2018.

Vista a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 09 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no que atinxe á composición da Mesa de Contratación, presidida por un membro da Corporación como presidente, e como vocais o secretario-interventor do Concello e persoal funcionario e laboral ó servizo da Corporación, ou membros electos desta, sen que o seu número sexa inferior a tres, tendo en conta, no que atinxe a estes últimos, que o seu número non pode supoñer máis de un tercio do total de membros da mesa.

Vista a cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares, que sinala que a mesa de contratación estará formada polo Alcalde do Concello de A Illa de Arousa ou membro da Corporación en quen delegue como presidente; como vocais un Concelleiro da Corporación nomeado pola Alcaldía, dous funcionarios do Concello e o Secretario-Interventor; actuando como secretario un funcionario do Concello.

Visto que a composición da mesa de contratación debe publicarse no perfil do contratnte do órgano de contratación.

Por medio da presente

RESOLVO

1.- Aprobar a composición da mesa de contratación para a proposta de adxudicación da obra de PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE GRADÍN, integrada polos seguintes membros:

Presidente: D. Carlos Iglesias Cores, Alcalde-Presidente do Concello.

Vocais:

Titulares: D. Alfonso Salgado Alonso, Concelleiro de Obras, Servizos, Tráfico e Persoal.

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario-Interventor do Concello.

D. Juan Manuel Rial Vázquez, encargado de obras do Concello.

D. Rogelio Andrés Torres Nuñez, funcionario do Concello.

Secretario: D. Xoañ Manuel Dopico Orjales, funcionario do Concello.

2.- Publicar o presente Decreto no Perfil do Contratante do Concello de A Illa de Arousa.

Na Illa de Arousa.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. Carlos Iglesias Cores

Asdo. Carlos Iglesias Cores